

MEMORIA

ANO 2017

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

Rúa Ramón Cabanillas 1, entrechán
32004 Ourense (Ourense, Galicia)
Teléfono e Fax: +(34) 988 235 946
feciga@mundo-r.com
www.cineclubes.gal

INTRODUCCIÓN

A **Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»** é unha asociación sociocultural independente e sen ánimo de lucro, constituída en 1984. Durante a década dos setenta producíronse varios intentos de constituír unha Federación de Cineclubes de Galicia. O máis relevante foi en 1977 cos cineclubes Padre Feijoo, Pontevedra e Valle Inclán, entre outros. Pero sería en 1983 no marco da «IX Semana de Cine do Carballiño» (I **Xociviga**), cando se acordou poñer as bases da asociación, que se constituirá en xullo de 1984 na «I Semana de Cinema de Vilagarcía» co obxectivo de dinamizar o cineclubismo galego.

A **Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»** naceu da necesidade de aglutinar a tódolos cineclubes que viñan traballando no eido da cultura cinematográfica en xeral e moi particularmente na defensa e apoio do cine galego.

É importante destacar o feito de que a maior parte das asociacións profesionais e entidades relacionadas coa cinematografía galega naceron, precisamente, no marco das xornadas de cine que organizaban os cineclubs. Eran os lugares de encontro e debate dos profesionais do cine: realizadores, actores, técnicos, historiadores, críticos de cine, etc.

A «Feciga» cumpriu e cumpre unha recoñecida labor de difusión do cine galego non só a través da rede de cineclubes e das programacións a entidades públicas e privadas en Galicia, senón promovéndoa tamén en Portugal en colaboración coa Federación Portuguesa de Cineclubes.

Agrupa á práctica totalidade dos cineclubes existentes en Galicia, actúa como xestora destes, e ademais presta servizos de asesoramento e organización de proxectos a entidades oficiais e privadas; programas de proxeccións, talleres de cine, mesas de debate relacionadas co cinema, etc.

Os cineclubes son a alternativa á exhibición comercial e motores da difusión cultural propia. Actualmente son a única expresión organizada do público cinematográfico con preocupacións culturais e ese público esixente é o que pode contribuír o avance da cinematografía do noso país.

No ano 1985 crease a Comisión Luso-Galaica do Audiovisual integrada polas Federacións de Cineclubes de Galicia e Portugal. Dentro dos habituais encontros cos responsables da Federación Portuguesa de Cineclubes, chegouse á conclusión, entre outras, da necesidade de crear un certame con carácter anual que sirva de proxección ás obras do cine independente e sobre todo aquelas realizadas polos xoves pertencentes ás escolas de imaxe de Galicia e Portugal. Ao mesmo tempo, preténdese que sirva como lugar de reunión, debate e intercambio de ideas de xente con máis experiencia no eido cinematográfico e os novos realizadores, técnicos, actores, etc.. Todo elo co único fin de promover e divulgar a nosa cinematografía conscientes das verdadeiras dificultades da súa exhibición nos canles habituais.

A Federación de Cineclubes de Galicia estivo integrada na Confederación de cineclubes del Estado Español. Na actualidade so quedan en España a Federación catalá e a galega. Tamén formou parte da Federación Internacional de Cineclubs.

ACTIVIDADES REALIZADAS

- CICLOS DE *CINEMA*

A Federación de Cineclubes de Galicia «**Feciga**» organiza e coordina programas para os cineclubes que a integran, financiando unha boa parte dos custos de aluguer das películas.

No ano **2017** participaron nos ciclos de cinema os cineclubes Padre Feijoo, Groucho Marx, Carballiño, Lumière, Cangas, Pontevedra, Poleiro, Ádega, Dzine, Liceo, Valle Inclán e A Lanterna.

- SEMANAS DE CINEMA

Organizadas polos cineclubs, coa colaboración e o financiamento da Federación de Cineclubes de Galicia, teñen destacada transcendencia en cada localidade. Polo seu contido e calidade na organización, veñen acadando un gran nivel de aceptación.

Neste ano, levan feito Semanas de Cine os cineclubes Groucho Marx, Adega, Os Papeiros, Cangas, Valle Inclán, Carballiño, A Lanterna, A Calexa.

- PARTICIPACIÓN EN XORNADAS DO AUDIOVISUAL

Participación dos cineclubes que integran esta Federación nos Encontros de Viana-Cinema e Video, que teñen lugar en Viana do Castelo (Portugal), tódolos anos, nos primeiros días de maio.

As dúas principais seccións dos Encontros son os «*Olhares Frontais*» e o premio «*PrimeirOlhar*» .

A sección «*Olhares Frontais*» consiste nun encontro entre escolas de cinema de todo o mundo, que aproveitan a presentar os seus traballos e discutir sobre as súas prácticas pedagóxicas.

O premio «*PrimeirOlhar*» está dirixido aos documentais realizados por alumnos das escolas de cinema, audiovisuais ou comunicación de Portugal e Galiza. A colaboración que hai entre os Encontros e Galiza, queda de manifesto a través do premio PrimeirOlhar/Cineclubes, concedido pola Federación Portuguesa de Cineclubes e pola **Federación de Cineclubes de Galicia «Feciga»**.

No ano 2016 entran a formar parte da Federación novos cineclubs: Cineclube Bueu, Cineclube Dzine de Lalín, Cineclube A Illa de Arousa, Cineclube Ateneo de Marín, Cineclube A Lanterna de Viana do Bolo.

CINECLUBE PADRE FEIJOO

O Cineclube Padre Feijoo naceu a principios do curso 1970-71, como actividade cultural dentro da Escola de Maxisterio de Ourense, e como herdeiro da tradición cineclubista da cidade que durante os sesenta foi representada polos cineclubes Ourense e Miño. Nos setenta, contribuíu ao xurdimento e desenvolvemento das «Xornadas de Cine en Ourense», que pasaron en 1978 a se denominar «Xornadas do Cine das Nacionalidades», abandeirando así o nacente cinema galego entre os das outras comunidades históricas do Estado.

Durante os oitenta, e xa definitivamente separado da Escola, o Cineclube seguiu con ciclos como as «Mostras Cinematográficas» (oito edicións) ou, máis tarde, o titulado «Espacios Fílmicos» en colaboración co Cine Dúplex. A isto hai que engadir a organización de cursos de formación cinematográfica e conferencias, ciclos de cinema infantil, de humor, expresionismo alemán, cinema francés..., e a edición de folletos e catálogos en galego practicamente desde a súa fundación.

As proxeccións do Padre Feijoo teñen pasado por multitude de salas durante estes anos, desde cinemas comerciais até salóns de actos públicos ou privados; coa inauguración a principios dos oitenta da Casa da Cultura, o seu salón de actos foi acondicionado mediante a instalación de dous vellos proxectores de 35mm, que seguiron en funcionamento até 2004, ano até o cal foi sede para as súas sesións —coa excepción do uso, a fins dos noventa e de forma intermitente, do Teatro Principal—. Desde 2004 veñen utilizando as salas comerciais, como o Cine Dúplex, agora xa pechado, e os multicines Cinebox.

Un dos logros do Padre Feijoo foi a consecución da creación da Federación de Cineclubes de Galicia, con sede na cidade das Burgas.

O Cineclube Padre Feijoo é un dos cineclubes en activo máis antigos de Galicia.

No mes de outubro de 2013 volven a facer as súas proxeccións na Biblioteca Pública.

Mantén unha programación regular dun filme semanal. Dende fai uns anos mantén unha colaboración co CGAI o que permite que se poida ver a programación da citada entidade en Ourense.

Año 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

-Ciclo "Europa era una Vaca"

11-01-2017- *Yo Daniel Blake*

18-01-2017- *Sunset song*

25-01-2017- *High-rise*

01-02-2017- *Frantz*

08-02-2017- *Elle*

15-02-2017- *El porvenir*

22-02-2017- *Aloys*

-Ciclo "Disonancias"

08-03-2017- *Toni Erdmann*

15-03-2017- *El ciudadano ilustre*

22-03-2017- *Sólo el fin del mundo*

29-03-2017- *Los exámenes*

05-04-2017- *El día más feliz en la vida de Oli Maki*

-Primavera musical

19-04-2017- *Gimme danger*

20-04-2017- *Leonard Cohen: I'm your man*

25-04-2017- *Janis*

26-04-2017- *Omega*

27-04-2017- *Ziggy Stardust & the spiders from marx*

-Ciclo "Magníficos"

03-05-2017- *La doncella*

10-05-2017- *Paterson*

24-05-2017- *Una historia de locos*

31-05-2017- *El viajante*

07-06-2017- *La chica desconocida*

14-06-2017- *Locas de alegría*

-Ciclo "Outubro 1917-2017"

04-10-2017- *Verano 1993*

11-10-2017- *Julia Ist*

17-10-2017- *Octubre*

18-10-2017- *El arca rusa*

19-10-2017- *Doctor Zhivago*

-Ciclo "Incertezas"

08-11-2017- *Sieranevada*
15-11-2017- *El otro lado de la esperanza*
22-11-2017- *El amante doble*
29-11-2017- *Paraíso*
13-12-2017- *En cuerpo y alma*
20-12-2017- *Psiconautas*

Semana da ciencia

07-11-2017- *Marie Curie*
09-11-2017- *Midiendo el mundo*

Luns de Filmoteca. En colaboración co CGAI

09-01-2019- *21 noites con Pattie*
16-01-2017- *Noor*
23-01-2017- *Lola*
30-01-2017- *Un hombre que grita*
06-02-2017- *Francofonía*
13-02-2017- *Les cowboys*
20-02-2017- *Chevalier*
06-03-2017- *A peine j'ouvre les yeux*
13-03-2017- *Little go girls*
20-03-2017- *Aji-Bi, les femmes de l'horloge*
27-03-2017- *Frágil equilibrio*
03-04-2017- *Cemetety of splendour*
24-04-2017- *Mysterious Object at Noon*
08-05-2017- *La muerte de Luis XIV*
15-05-2017- *Hoax-Canular*
22-05-2017- *Contrafaces*
29-05-2017- *Of the north*
05-06-2017- *No cow on the ice + curta*
12-06-2016- *Cavalo dinheiro*
19-06-2016- *Ponyo en en acantilado*
02-10-2017- *Belle dormant*
09-10-2017- *The duke of Burgundy*
16-10-2017- *Ikarié XB 1*
06-11-2017- *Einstein-Rosen. Nostalxia da luz*
20-11-2017- *A idea dun lago*
27-11-2017- *Foucommare*
04-12-2017- *Berberian sound studio*
11-12-2017- *Las películas de mi vida*

Programación extraordinaria. Colaboracións

-III Ciclo de Cine e Medicina. En colaboración co Colexio de médicos

17-01-2017- Un doctor en la campiña

14-02-2017- Alabama Monroe

14-03-2017- La historia de Jan

04-04-2017- La muerte del Sr. Lazarescu

09-05-2017- La escafandra y la mariposa

06-06-2017- Dioses

-Colaboración no programa Ociourense do Concello de Ourense

La nostra vita

La lección

Anomalisa

La ciudad de los niños perdidos

-Colaboración co club de lectura

09-03-2017- Las sin sombrero

-Colaboración coa EOIOU

16-03-2017- Sing street

-Colaboración con Greenpeace

15-06-2017- Deserto líquido

-Colaboración co Museo Etnolóxico de Ribadavia

03-07-2017- Gaav

05-07-2017- El ciclista

10-07-2017- Primer plano

12-07-2017- Nahid

03-11-2017- La cour de Babel

04-11-2017- El tren de la memoria

10-11-2017- Babai

17-11-2017- Miss Iedy + Galicia Buenos Aires

-Cine no xardín do Museo Arqueolóxico de Ourense

07-08-2017- La novia cadaver

14-08-2017- El secreto del libro de Kells

21-08-2017- Porco rosso

18-08-2017- Mi vecino Totoro

CINECLUBE GROUCHO MARX

O Cineclube Groucho Marx inicia a súa andadura a principios do ano 1980. O seu obxectivo fundamental, amais da exhibición e o debate sobre o cine de calidade, é a introdución e a participación nos medios audiovisuais como soporte de gran transcendencia para a expresión e a defensa da nosa cultura a través da imaxe.

Despois de numerosas dificultades nos primeiros anos, causadas polo peche intermitente da sala de cine onde realizaba as proxeccións, pasou a converterse nunha das entidades pioneiras co desenvolvemento de proxectos de carácter experimental e nos que participaban un bo número de persoas relacionadas co mundo audiovisual galego e español.

Xa no ano 1985, crea a que se denominou “TV Groucho Marx”, unha experiencia única no Estado español ata aquel ano, que se baseaba na participación de moitos profesionais que se acercaron ao Barco de Valdeorras a ensinar aos diferentes equipos formados para o proceso comunicativo. Así, eran realizados programas de produción propia, informativos e unha sección dedicada aos traballos de videocreación que se presentaban para a proxección nas xornadas da semana de cine.

A introdución do cine no ensino foi un proxecto no que estaban implicados todos os niveles de todos os centros, EXB, Instituto de Bacharelato e FP, funcionando dun xeito coordinado con todos eles e desenvolvendo diversas experiencias pedagóxicas. Había grupos de debate nos que participaban os directores dos centros, mestres de diferentes materias, alumnos e membros do cineclube Groucho Marx. Deste xeito determinábase o programa a seguir.

Os resultados destas e outras experiencias eran expostos en varios foros polos membros do cineclube convidados a tal efecto, como nas “Xornadas de Pedagogía da Imaxe” organizadas polo Centro de Enseñanzas Integradas e a Generalitat Valenciana en Valencia, a participación no Festival Internacional da Infancia e a Xuventude de Xixón como xurado cualificador cun grupo de doce nenos pertencentes ao propio Cineclube Groucho Marx e que formaban parte do equipo redactor da publicación diaria do festival, e na produción dos talleres de imaxe en funcionamento.

Normalmente vén realizando máis de 100 proxeccións anuais, no salón de actos da Casa da Cultura do Barco. Debido ás obras de reforma a que estivo sometida a citada Casa da Cultura tivo que suspender temporalmente a súa actividade no ano 2005. En xuño de 2006 volven a recuperar a normalidade. A súa programación organizase *en ciclos de cine mensuais*, salvo nos meses de verán, e organiza unha semana de cine na última semana de agosto e primeiros días de setembro.

Año 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais

03-01-2017- *La canción del mar*
05-01-2017- *El ciudadano ilustre*
12-01-2017- *La correspondencia*
19-01-2017- *Viaje a Italia*
26-01-2017- *La doctora de Brest*
02-02-2017- *100 metros*
09-02-2017- *El editor de libros*
16-02-2017- *Cerca de tu casa*
23-02-2017- *Proyecto Lázaro*
02-03-2017- *Lobo*
09-03-2017- *Bar Bahar, entre dos mundos*
16-03-2017- *Florence Foster Jenkins*
18-03-2017- *Sing street*
23-03-2017- *El último rey*
30-03-2017- *La chica del tren*
06-04-2017- *El gruñón*
13-04-2017- *Los inocentes*
14-04-2017- *Gernika*
20-04-2017- *Colonia*
27-04-2017- *Land of mine, bajo la arena*
04-05-2017- *Locas de alegría*
11-05-2017- *Mañana empieza todo*
18-05-2017- *Psiconautas*
25-05-2017- *Nieve negra*
01-06-2017- *Gracias jefe*
08-06-2017- *Frágil equilibrio*
15-06-2017- *La historia de Jan*
22-06-2017- *Nacido en Siria*
21-09-2017- *Un italiano en Noruega*
28-09-2017- *Yo no soy Madame Bobary*
05-10-2017- *Comanchería*
12-10-2017- *El guardian invisible*
19-10-2017- *Paterson*
26-10-2017- *Un hombre llamado Ove*
02-11-2017- *Stefan Zweig*
09-11-2017- *El jugador de ajedrez*
23-11-2017- *Churchil*
23-11-2017- *La decisión del rey*

30-11-2017- El hombre del corazón de hierro

14-12-2017- En realidad nunca estuviste aquí

21-12-2017- Lumiere, comienza la aventura

Semana de Cinema. do 25 de agosto ao 4 de setembro.

Una historia de locos

Bebe jefazo

La tortuga roja

Los superhéroes

Pieles

París Puede esperar

El reino de los monos

Cantábrico

El faro de las orcas

Robby & Toby

Paraiso

Hermanos del viento

Casi leyendas

Su mejor historia

Cita a ciegas con la vida

Richard la cigüeña

CINECLUBE CARBALLIÑO

O Cineclube Carballiño volveu á actividade en novembro de 2010 tras varios anos de “descanso” por diversos motivos, que deixaron sen cine ao Carballiño, xa que a vila tampouco contaba xa con salas de exhibición cinematográfica. O feito de que o concello dotase ao auditorio municipal dos medios técnicos necesarios para proxectar tanto en 35 mm como en alta definición fai case dous anos fixo que un grupo de afeccionados ao cine pensaran moi seriamente en “resucitalo” e, finalmente, así foi: a mediados de novembro fan a primeira sesión desta nova etapa que esperamos sexa longa.

Desde entón manteñen unha programación regular, os venres, en dúas sesións, de 20:00 e 22:30 horas, e nalgúns casos tamén algún dos días da fin de semana. Traballan na maioría dos casos coa Federación de Cineclubes de Galicia, que é quen coordina a petición das películas, a publicidade, a entrega e recollida, etc. Tamén teñen colaborado con outras institucións, como a Fundación Vicente Risco. Intentan darlle oportunidade a novos realizadores para que a súa obra sexa coñecida, polo que fixeron sesións dedicadas a cine de difícil distribución e exhibición, así como tamén cine de animación. Por último, nun intento por achegar o cine aos máis xoves, téñense feito proxeccións para escolares nas que participaron diversos colexios e institutos da comarca.

Tamén establecen contacto e colaboración con diversas asociacións culturais da vila, coas que organizan diferentes actividades: concertos, presentacións de libros, proxeccións de películas, conferencias e charlas, etc. Isto último foi unha gran satisfacción xa que permitiulles abrir o abano de accións máis aló da proxección cinematográfica, que loxicamente é o fundamento da existencia do cineclube.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

13-01-2017- La reconquista

20-01-2017- Yo Daniel Blake

27-01-2017- Regreso a casa

03-02-2017- Sing street

10-02-2017- El porvenir

17-02-2017- La gran apuesta

24-02-2017- Corn Island

03-03-2017- The neon demon

10-03-2017- Elle

24-03-2017- Toni Erdmann

31-03-2017- El extraño

07-04-2017- *Más allá de las montañas*

21-04-2017- *The tribe*

28-04-2017- *Dos otoños, tres inviernos*

05-05-2017- *Animales nocturnos*

22-09-2017- *La noche del cazador*

29-09-2017- *Mañana empieza todo*

06-10-2017- *El viajante*

13-10-2017- *Verano 1993*

20-10-2017- *Doña Clara*

27-10-2017- *Comanchería*

03-11-2017- *Julia ist*

17-11-2017- *Paterson*

24-11-2017- *Un minuto de gloria*

01-12-2017- *El otro lado de la esperanza*

08-12-2017- *Sieranevada*

15-12-2017- *La tortuga roja*

Semana de Cinema

09-11-2017- *Manderlay*

10-11-2017- *I am not your negro*

11-11-2017- *Rebelde*

12-11-2017- *El nacimiento de una nación*

Programación extraordinaria. Colaboracións

-Proyección especial de "*O instante eterno*", en colaboración coa asociación Xermolos, co fin de recadar cartos para o proxecto de recuperación da casa de Díaz Castro. Asistiron un total de 39 persoas.

-Ciclo de cine alemán, en colaboración co instituto Goethe, fixemos un ciclo de cine alemán, onde proxectamos 6 películas, coa asistencia de 97 espectadores. Os títulos proxectados foron os seguintes: Bagdad Café, Alicia nas cidades, Paris, Texas, Freistat, A vida en obras e Contra la pared.

-Flores de Cine. 100 espectadores. En colaboración co Instituto Goethe de Madrid

11-07-2017- *Growding doubt*

11-07-2017- *Semillas exclavas*

12-07-2017- *Luces de la ciudad*

13-07-2017- *Absurdistan*

-Actividades paralelas e colaboración con outras asociacións. Continuouse a traballar coa Asociación cultural Avantar na organización de diferentes actividades culturais e despois da experiencia do ano pasado con Cine

en curso, este ano decidimos participar tamén na realización dun proxecto documental con alumnos do IES Chamoso Lamas. Neste caso trátase dunha curtametraxe sobre os canteiros que traballaron na construción da igrexa da Veracruz, contando coa colaboración do cineasta José Manuel Mouriño. Coordinouse un ano máis o ciclo Poesía nas aulas, que levou a música e a poesía (Belem de Andrade, Quico Valeiras e Labregos no tempo dos Sputniks) aos estudantes dos centros da comarca: IES N°1 e IES Chamoso Lamas, CPI Virxe da Saleta de Cea e CPI Terras de Maside.

CINECLUBE VALLE-INCLÁN

O Clube Cultural Valle-Inclán de Lugo nace o 13 de febreiro de 1966. Celebrábase aquel ano o centenario do nacemento de D. Ramón María del Valle-Inclán e os fundadores deciden poñerlle ao novo club o nome do insigne escritor galego. Terá como primeiro presidente a D. Julio Ulloa Vence.

O «Valle-Inclán», como é coñecido popularmente en Lugo, nace primordialmente como cineclube (cosa ben axeitada, pois o mesmo literato Valle Inclán subliñou a importancia da nova Arte Cinematográfica como compendio doutras, as plásticas, as sonoras e as literarias), seguindo a tendencia de representativas asociacións culturais da época, unha das poucas maneiras de agochar dialécticas heterodoxas que a censura ollaba entón con gran xenreira.

Así, xa o 4 de marzo do mesmo ano proxéctase nunha sala alugada a primeira das cintas, «*Os Paraugas de Cherburgo*», de J. Demy. Virá despois, durante anos, a mellor selección da sétima arte, nas pantallas do Cine España, Cine Kursal, Gran Teatro e Cine Victoria, hoxe desaparecidos.

Aínda que o cine e o teatro son os puntos de referencia para a súa actividade, de inmediato a programación verase encamiñada á difusión e creación cultural, especialmente na recuperación, potenciación e defensa da cultura e a lingua galegas.

Despois dun tempo de silencio, o «Clube Cultural Valle-Inclán», inicia unha nova xeira no ano 1994. Reivindicacións e manifestos —Por unha cidade viva; defensa do Gran Teatro e Cuartel de San Fernando—. Proposta para Cronista Oficial da Cidade. E de destacar o traballo a prol do recoñecemento pola Unesco da Muralla de Lugo como Ben Patrimonio da Humanidade. Máis cine. Novos ciclos. Cuestións de sempre. Agora os escenarios serán o Auditorio Gustavo Freira, Fundación Caixa Galicia, Escola Universitaria de Formación do Profesorado, Galería Sargadelos e Biblioteca Pública.

Ao longo do tempo o «Clube Cultural Valle-Inclán» ten programado actividades sobre historia, lingua e literatura, economía, desenvolvemento, educación, ecoloxía, saúde, tradición, vangarda, socioloxía, patrimonio cultural, arte, actualidade, presentación de libros, cursiños, música, poesía, Día das letras galegas, exposicións, viaxes culturais con rutas polas catro provincias galegas, limítrofes, Portugal e París...

Nomes para á presidencia: D. Julio Ulloa Vence, D. José Manuel Otero Novás, D. Benxamín Casal Vila, D. Ovidio Vázquez Rodríguez, D. Carlos Varela Veiga, D. Camilo Gómez Torres, D. Francisco Arrizado Yañez, D^a Carmen Vázquez Vázquez, D. Xerardo Pardo de Vera e D^a M^a Antonina Gay Parga.

O capítulo de cine comprendeu —e comprende, pese á liberdade con que hoxe operan as empresas comerciais— a proxección de películas tanto de xeito illado como con periodicidade fixa, e atendendo, sempre que isto é posible, aos ciclos temáticos ou de autor, de maneira tal que en numerosas ocasións se tratou de harmonizar e xunguir os temas desenvolvidos —historia, literatura— en conferencias cos seus correspondentes no cine.

Ano 2017

Ciclos

-Cine africano en coprodución con Francia, en colaboración co Instituto Francés

24-01-2017- *A peine j`ouvre les yeux*

30-01-2017- *Un homme que crie*

06-02-2017- *La pirogue*

14-02-2017- *Lettre d`amour zoulou*

-Documentais

24-02-2017- *Shoots from Abyssinia. O Sur.* Presentación do director, Ovidio Fernández Sánchez.

02-03-2017- *Affliction.* En colaboración con MSF

-Semana de cine de Brasil, en colaboración coa Embaixada de Brasil

13-03-2017- *Central do Brasil*

14-03-2017- *O dia da caça*

15-03-2017- *Vinicius de Moraes*

16-03-2017- *O mundo en duas voltas*

17-03-2017- *Jonas*

-Ciclo Arquitectura de cine III, en colaboración co COAG, Lugo.

03-04-2017- *Sir John Soane. Arquitectura de emerxencia.*

17-04-2017- *Eileen Gray. Invitación ao viaxe.*

24-04-2017- *Charles e Ray Eames. O arquitecto e a pintora.*

-Ciclo cine de primavera

05-04-2017- *El porvenir*

18-04-2017- *Ahora si, antes no*

27-04-2017- *Bar bahar, entre dos mundos*

04-05-2017- *El abrazo de la serpiente*

-Ciclo Imprescindibles

08-05-2017- *Paterson*

18-05-2017- *Mimosas*

26-05-2017- *Doña Clara*

29-05-2017- *Fuego en el mar*

-Ciclo "Catro nais"

06-11-2017- *Mia madre*

24-11-2017- *Una segunda madre*

28-11-2017- *El camino a casa*

30-11-2017- *Quelquer heures de printemps*

Semana de Cinema

30-10-2017- *Las vidas de Grace*

31-10-2017- *Un minuto de gloria*

02-11-2017- *Frágil equilibrio*

03-11-2017- *Corn Island*

Sesións de Filmoteca. En colaboración co CGAI

19-04-2017- *Contrafaces*. Presenta o director

26-04-2017- *Hoax_Canular*

03-05-2017- *Cemetery of Splendour*.

10-05-2017- *Días color naranja*

24-05-2017- *Cavalo Dinheiro*

31-05-2017- *Tout le mond aime le bord de la mer*

31-05-2017- *No cow in the ice*. Presenta o director.

07-06-2017- *La muerte de Luis XIV*

03-10-2017- *Ikarie XB 1*

10-10-2017- *Belle Dormant*

17-10-2017- *Correspondencias*

24-10-2017- *Dead slow ahead*

08-11-2017- *Estiu 1993*

15-11-2017- *Einstein-Rosen / Nostalgia de la luz*

22-11-2017- *Flammes*

29-11-2017- *Abrir puertas y ventanas*

05-12-2017- *Chanfaina Lab*

12-12-2017- *La idea de un lago*

Letras Galegas: Mesa redonda Arredor de Carlos Casares.

06-06-2017- Ponentes, Dolores Vilavedra, profesora de Literatura galega na Universidade de Santiago de Compostela, Xosé Benito Calvo Rego (Tucho Calvo) periodista e escritor, e Grial Parga, analista cultural, crítico de cine e televisión, membro do consello de redacción da revista Grial. Presenta, Tonina Gay

CINECLUBE OS PAPEIROS

O cineclube «Os Papeiros» promove un proxecto de animación ó cinema no medio rural con proxeccións de curtametraxes elaboradas polo obradoiro do taller de cinema «A Casa Enchantada» para centros culturais, asociacións e centros educativos de toda Galicia dentro dun vello pallar equipado coas butacas dos vellos cinemas da comarca e de Ourense, na aldea chantadina de Garabelos.

-Festival de poesía, música e cine

01-04-2017- Lola

Cinema «Palleiriso»

30-04-2017- A barca do tempo

08-05-2017- A nana das árbores

30-05-2017- A meiga

30-05-2017- Ons, ollos de mar

30-05-2017- As pitas

03-06-2016- Donas brancas da invernia

08-06-2017- Restos de un soño

10-06-2017- A meiga das penas

30-06-2017- Contos de Cine. Experiencia audiovisual teatralizada por alumnos de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.

09-07-2017- Miudiña

14-07-2017- Nana das árbores

14-07-2017- Ons ollos de illa

21-07-2017- A meiga das penas

01-08-2017- Xógara. Proxecto músico-audiovisual sobre a cultura celta co grupo folk de Oxford Xógara con proxeccións audiovisuais con música irlandesa.

11-08-2017- Brancas donas de invernia

15-08-2017- Embigo

09-09-2017- Cinema e poesía sobre a identidade na emigración: Pettring Sweden, Galicia Portobello Road

23/24-09-2017- O audiovisual dentro da educación en transición. Proxección de curtametraxes pedagóxicas dentro do 3º Encontro da Rede de Educación en Transición, acompañadas de charlas, conferencias e debates.

25-09-2017- Cincenta xa non vive aquí. Proxecto teatral-audiovisual co grupo de teatro da biblioteca de Antas de Ulla.

Semana de Cinema

14-08-2017- El libro de la selva

14-08-2017- Miracielo

15-08-2017- La tortuga roja

15-08-2017- En la sombra

16-08-2017- Campanas de Camporramiro

16-08-2017- El nuevo testamento

17-08-2017- La la land

Semana curta

Minueto

A barca do tempo

O longo camiño dos soños

Baixo sobre o Minho

CINECLUBE A CALEXA

No ano 1997 un grupiño de xente do máis heteroxéneo, salvo pola afección ao cine, reuníronse nunha mesa da Casa da Cultura de Monforte para tratar de organizar un cineclube nesta cidade; tratábase de que en Monforte se puidese ver un cine distinto, ese cine que aparece rara vez na carteleira das cidades medianas ou pequenas como a esta. Dese grupiño saíron ideas e o compromiso de organizarse, e incluso saíu o nome do futuro cineclube (unha resurrección reverencial dunha sorte de cineclube que existira anos atrás: A Calexa).

Como acontece con toda asociación cultural que se prece, os primeiros tempos foron de entusiasmo desaforado: nuns días estaban redactados os estatutos, comprometido un boletín periódico, encargados programas de man e posta en marcha unha modesta programación, organizada ás veces en ambiciosos ciclos temáticos ou de directores. Estas primeiras proxeccións tiñan lugar na Casa da Cultura e alongábanse nun animado cinefórum.

Daquela Monforte tiña un vetusto cine, o Cine-teatro Lemos, que xa estaba agonizando cando se proxectou a primeira película en 35mm, *Reservoir dogs*. Aquel día viron claro que o futuro do cineclube estaba nas proxeccións en pantalla grande. E cunha proxección neste formato tiveron o honor de despedir o Cine-teatro Lemos para sempre. A súa última película foi patrocinada con todo o aparato posible polo cineclub, nunha xornada histórica no cine en Monforte onde o escenario máis tradicional do cine na cidade era despedido con agarimo pola versión máis integrista dun cineclub: O *Tren de sombras* de José Luis Guerín. Unha sesión derivada case nun mito para a xente do cineclube de da que levaría moito tempo falar...

A cuestión é que a modernidade chegou a Monforte representada por tres salas con todas as condicións esixibles a un cine moderno: os Multicines Hollywood. Co tempo, cineclube A Calexa chegou a un acordo coa empresa que rexenta o cine para facer as súas proxeccións, unha película todos os mércores fin de mes, e organizar unha mostra de cine.

O cineclube ten colaborado de xeito moi activo con todo tipo de asociacións e colectivos (Asociación de Ferrocarriles, Asociación Salvador Allende, Alcohólicos Anónimos, Drogodependencias...), e as súas proxeccións estendéronse tamén ao público infantil nas datas de vacacións.

A presenza do cineclube nos medios de comunicación tamén ten sido moi intensa, por canto é colaborador asiduo da televisión e radio locais, fomentando o gusto polo bo cine e comentando as ofertas cinematográficas do noso contorno inmediato.

O Cineclube A Calexa ten acadado un relevo e unha transcendencia na vida cultural de Monforte que nunca pensaron que ía ter.

No ano 2010, despois de 13 anos de programación continua e 10 Mostras de Cine os responsables do cineclube deciden única e exclusivamente dedicarse a todas as colaboracións que lle sexan solicitadas. O principal motivo foi non aventurarse a ter problemas económicos e realizar só aquilo que se podía asegurar economicamente.

No ano 2014 deron un paso adiante cunha idea que tiñan dende o principio: un Festival de cine de ciencia ficción e cine fantástico. Así fíxose o Iº FANCINE DE LEMOS, festival de cine fantástico e terror de Monforte de Lemos. Presentáronse 250 curtametraxes, cunha calidade increíble. Tal foi así que unha das curtas gañou en Sitges e outras dúas -loco con ballesta e mais Safari- foron nomeadas os Goya, (das 24 seleccionadas polos representantes do cineclub). O mellor, a numerosa asistencia de público, e os parabéns de todos os medios. Contaron co Apoio de Chicho Ibáñez Serrador, que non puido asistir, mais mandou unha filmación del mesmo, que pode ser póstuma.

Tivo unha gran repercusión mediática e social en Monforte, quizás debido o efecto dos premios alcanzados por todos eles, dende os Goya aos Mestre Mateo.

Tamén tivo lugar unha reunión da xunta fundadora do Cineclube A Calexa, a de 1997, rematando cunha cea conxunta.

Ano 2017

Mostra de cinema

20-11-2017- La tortuga roja

21-11-2017- Detroit

27-11-2017- Morir

28-11-2017- El otro lado de la esperanza

Aínda que as actividades cinematográficas do Cineclubes comezaron en 1977, fixéronse continuadas en 1983, coa constitución da Asociación Cívico Cultural Xiria. Desde entón, veu desenvolvendo un labor central de difusión e potenciación da cultura, dentro do concello de Cangas do Morrazo e a súa comarca. Entre as actividades da asociación destácase o cineclubes (cunha programación regular de dúas películas mensuais), a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo, a organización de recitais e concertos, xornadas literarias e de debate, de banda deseñada, contacontos e lecturas teatrais.

No ano 1997 o cineclubes tivo que interromper a súa programación, ao reconverterse o cine de Cangas en multicines, e en 1998 recuperaron a súa actividade normal. No ano 2005, a actividade do cineclubes veu determinada polo peche destes multicines, os únicos existentes en Cangas. Iso obrigou a unha inactividade forzada de medio ano, e conseguiuase reiniciar a programación grazas a un compromiso do concello de dotar o Auditorio Municipal de proxector de 35mm. Porén, a programación do Cineclubes Cangas segue a estar determinada pola falla de dotación dese auditorio, xa que o acordo co concello para aboar o importe do aluguer do proxector resulta unha carga para manter unha programación continua.

O 2009 foi para o Cineclubes Cangas un ano de certa recuperación de público. A regularidade na programación a partir do segundo trimestre, a opción definitiva polo cinema dixital e unha elección axeitada de títulos permitiu recuperar unha parte do público que levaban perdido por mor das malas condicións nas que viñan desenvolvendo a actividade.

Manteñen un blog e un perfil no Facebook para difundir o máis posible as actividades.

As sesións cinematográficas fanse no Auditorio Municipal de Cangas ás 21'00 h. As películas proxéctanse en versión orixinal con subtítulos en español. Normalmente proxectan un filme cada dúas semanas.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

20-01-2017- Corazón gigante

27-01-2017- Regreso a casa

10-02-2017- Yo Daniel Blake

24-02-2017- El porvenir

10-03-2017- Bar Bahar, entre dos mundos

24-03-2017- María y los demás

21-04-2017- La próxima piel

28-04-2017- Los exámenes

12-05-2017- *La doncella*
26-05-2017- *Comanchería*
16-06-2017- *Psiconautas*
20-10-2017- *Doña Clara*
03-11-2017- *El otro lado de la esperanza*
17-11-2017- *El viajante*
25-11-2017- *Refugiado*
01-12-2017- *Verano 1993*
15-12-2017- *Mandie, el color de la vida*

Programación extraordinaria.

30-05-2017- *El viaje de Arlo*
07-06-2017- *Nacido en Siria*

Semana de Cinema: "Cinemas ocultos"

29-10-2017- *Cinema en curso: Deixando atrás, Paso a paso*
29-10-2017- *Esquece monelos*
30-09-2017- *La vida del calabacín*
30-09-2017- *La delgada línea amarilla*
01-10-2017- *El secreto de Amila*
01-10-2017- *El rayo*
03-10-2017- *Locas de alegría*
05-10-2017- *Querida Gina*
07-10-2017- *Meigallos*
07-10-2017- *El clásico*

O Cineclube Lumiere foi creado en 1993 por un grupo de persoas de diferentes profesións co fin de incorporar á cidade outra canle cultural, inexistente ata ese momento, e outro xeito de ver o cinema. O nacemento do Lumiere supuxo recuperar para a cidade olívica unha actividade que non tiña continuidade dende o ano 1982, data en que desaparecera o último dos cineclubes vigueses dos anos setenta.

Ten como fins a difusión da cultura cinematográfica; a estimulación da vocación e o interese polo estudo e o goce do cine; o achegamento do cine á sociedade dun xeito educativo e crítico; e, ademais, a promoción dos realizadores novos, facilitando a produción e a posterior exhibición dos seus traballos.

Alén diso, ten como obxectivo xeral organizar e ofrecer ao público unha colección ampla de materiais bibliográficos, gráficos e audiovisuais, que permitan a todas as persoas interesadas acceder a unha información actualizada sobre temas específicos de cine.

Entre as actividades realizadas ao longo da súa historia cabe destacar as colaboracións estables — organizando diversos ciclos de cine— con numerosas entidades de Vigo, promotoras de cultura, educación, integración social e veciñal, como as concellerías de Xuventude, de Educación e da Muller, a Universidade de Vigo, a Alianza Francesa de Vigo, a Escola Oficial de Idiomas, a Aula de Cultura de Caixa Galicia, a Obra Socio-Cultural do Centro Cultural Caixanova, o Colexio de Arquitectos de Vigo, a Fundación Érguete-Integración ou asociacións veciñais como o Plan Comunitario de Teis, Casco Vello, Val do Fragoso, etc.

No ámbito estritamente cinematográfico, o Cineclube Lumiere organizou o I Premio de Guións Chano Piñeiro, no ano 1995; ciclos de cinema galego-portugués, nos anos 1993 e 1994; un ciclo de cine cubano, no ano 1997; e mostras de curtametraxes de novos realizadores, entre os anos 1994 e 2003.

Membros da súa directiva participaron como xurado no Festival Internacional de Cine de Figueira da Foz (Portugal), no ano 1995, e no Festival Internacional Karlov Vary (República Checa), no ano 2002.

O Cineclube colaborou, ademais, na produción de curtametraxes, organizou exposicións, cursos, coloquios e mesas redondas, e participou en coloquios e entrevistas de radio e televisión.

Dende o ano 2016 mantén unha colaboración co CGAI o que permite que se poida ver a programación da citada entidade na cidade de Vigo.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

-Ciclo Épicas cotiás

09-01-2017- Boi neon

16-01-2017- Next

23-01-2017- Mysterious objet at noon

-Ciclo Pobos en Marcha

06-02-2017- The revolution won't be televised

13-02-2017- Demande a ton ombre

20-02-2017- Je suis le peuple

-Ciclo Vai de arte

06-03-2017- Danza contemporánea

13-03-2017- Gimme danger

20-03-2017- El último acto

-Ciclo Infancias cruzadas

03-04-2017- El hijo de Joseph

10-04-2017- Felices sueños

17-04-2017- Argentinian lesson

17-04-2017- Un hogar en el mundo

Ciclo Os retos da diversidade sexual

08-05-2017- Stories of our lives

15-05-2017- Dentro del armario

22-05-2017- Venus

-Ciclo Soños, delirios e fábulas

05-06-2017- La chica dormida

12-06-2017- Alquila una familia

19-06-2017- El lugar de las fresas

-Ciclo "Equilibrios e asimetrías nas relacións familiares"

04-09-2017- Los demonios

11-09-2017- 9 meses

18-09-2017- La vida de Anna

-Ciclo "Palabras vs alegorías"

02-10-2017- Últimos días en el desierto

09-10-2017- God bless Iceland

23-10-2017- El fundador

-Ciclo "Periféricas do real"

06-11-2017- Tigmi in Igreen

13-11-2017- Angry inuk

20-11-2017- Amazon

-Ciclo "Moedades: retos e revoltas"

04-12-2017- Entre los dos

11-12-2017- Aurora

CINECLUBE PONTEVEDRA

O 24 de abril de 1954 presentouse no Goberno Civil de Pontevedra o Regulamento do Cineclube Pontevedra, regulamento que foi aprobado o día 2 de xullo do mesmo ano pola Dirección General de Política Interior do Ministerio de Gobernación.

O día 13 de xuño de 1954 comezaron as actividades culturais, previa autorización gubernativa provisional, coa primeira sesión cinematográfica, que consistiu na proxección dos documentais *France 4 saisons*, *Van Gogh*, *Versailles e ses fantômes* e *Balzac*, que foron cedidos pola Embaixada de Francia.

O domicilio social estableceuse, daquela, nas oficinas da Delegación Provincial de Información e Turismo de Pontevedra, cedidas polo Delegado Provincial, Sr. Álvarez Villar.

A autorización definitiva data do 18 de agosto de 1954, e o Cineclube Pontevedra é inscrito no Rexistro de Asociacións do Goberno Civil co n.º 20.

Entre as múltiples actividades desenvolvidas de forma regular están o Ciclo Cinema de Actualidade, o Ciclo Historia do Cinema, o Ciclo de Cinema dedicado á Muller, as Noites Abertas, o Ciclo de Cinema Galego, Cinema na Rúa e, ultimamente, a Semana de Cinema Infantil.

Despois de ter mantida a súa actividade de forma regular durante máis de 50 anos, nestes últimos tempos as dificultades polas que está atravesando fan que a súa programación non manteña a regularidade doutras épocas.

No ano 2015 chegan cambios ao cineclube: unha nova directiva, que ven cargada de ilusións, e unha nova sede na rúa Luís Braille-40, no Centro Sur que pertence ao Concello de Pontevedra; aí dispoñen dun despacho, no que se volverá a montar a biblioteca do cineclub, e de zonas comúns como pode ser a sala de reunións e salón de actos. Comparten as instalacións con outras asociacións coas que se pretende que haxa colaboracións.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

10-01-2017- *Boudu salvado de las aguas*
24-01-2017- *Tierra de nadie*
31-01-2017- *Un toque de violencia*
07-02-2017- *El mundo sigue*
14-02-2017- *Stroszek*
21-02-2017- *Les salauds*
07-03-2017- *Jauja*
14-03-2017- *Noche y día*
21-03-2017- *Honor de caballería*
28-03-2018- *Juegos prohibidos*
11-04-2017- *El fantasma de la libertad*
25-04-2017- *Cavalo dinheiro*
02-05-2017- *Numax presenta*
16-05-2017- *La chica desconocida*
23-05-2017- *El otro lado de la esperanza*
06-06-2017- *La chica del 14 de Julio*
13-06-2017- *Aquel querido mes de Agosto*
03-10-2017- *El azar Baltasar*
10-10-2017- *El huevo de la serpiente*
17-10-2017- *Sed de mal*
24-10-2017- *La noche del cazador*
07-11-2017- *Certein woman*
14-11-2017- *Safari*
21-11-2017- *Ma loute*
05-12-2017- *Paisaje en la nieba*
12-12-2017- *Viaje a Citera*

Programación extraordinaria. Colaboracións

-Colaboración co Salón do libro de Pontevedra

11-03-2017- *Pompoko*
11-03-2017- *El techo del mundo*
12-03-2017- *Nieve y los árboles mágicos*

12-03-2017- Brave

18-03-2017- Wall-e

18-03-2017- Zootropolis

19-03-2017- El principito

19-03-2017- Buscando a Dory

-Maio mes das letras. En colaboración co departamento de normalización lingüística do Concello de Pontevedra.

08-05-2017- A esmorga

15-05-2017- Psiconautas

29-05-2017- Os días afogados

-Cinema na lúa. Cine ao aire libre en colaboración co Concello de Pontevedra

18-07-2017- Lo imposible

19-07-2017- La noche que mi madre mató a mi padre

20-07-2017- El hobbit: un viaje inesperado

21-07-2017- Cazadores de dragones

22-07-2017- Los goonies

-Pontevedra. En colaboración coa Concellaría de Xuventude. Entre o 31 de xullo e o 4 de agosto o cineclub de Pontevedra impartiu o obradoiro «A semana máis curta» dirixido a nenos/as de 12 a 16 anos. A actividade consistiu na elaboración dunha curtametraxe, facendo de actores, guionistas, cámaras... nunha rodaxe e montaxe de verdade que rematou cunha viaxe no tempo pola historia do cine e un festival onde se exhibiu o resultado: a curtametraxe “A derradeira parada”

-Pontecoqueta. Entre o 21 e o 26 de agosto desenvolveuse en Pontevedra a segunda edición do festival **Pontecoqueta 2017**, ambientado nos anos 20, que, nesta edición, tivo o cinema como eixe temático. Colaboramos con eles na realización dun Obradoiro de cine antigo orientado a nenas e nenos de entre 4 e 10 anos, cunha duración de 3 horas e con 25 participantes. A primeira sesión dedicóuselle á fabricación de xoguetes ópticos: zootropo, taumatropo e folioscopio. Durante a segunda coñecemos a Melies e a Chaplin, e inventamos clips baseados nas súas técnicas.

-Cinema no xardín. Un ano máis, organizamos e montamos canda o centro social autoxestionado Liceo Mutante o ciclo **Cinema no Xardín**, cita xa habitual con proxeccións no xardín do devandito local. A media de asistencia rondou as 40 persoas por sesión.

29-08-2017- Récréations

31-08-2017- Luz silenciosa

03-09-2017- Entrar aos Vilares

*05-09-2017- Curtametraxes: Organizar lo (Im)posible, 1977, Gato Encerrado, Sangue de unicornio,
Decorado*

07-09-2017- Mutantes

09-09-2017- Angélica (una tragedia)

-Curso Cine expres. No CEIP Oca, A Estrada. Participaron 8 nenas e nenos de entre 7 e 8 anos. Foron 15 horas de gravación dunha curtametraxe a partir dun guión feito polos participantes e que tivo unha temática ecoloxista.

CINECLUBE POLEIRO

O Cineclube Poleiro, que naceu dentro da Asociación Cultural Eliseo Alonso, foi creado en marzo de 1998, aínda que os seus estatutos non se constituirán ata setembro do mesmo ano e a súa inscrición no Rexistro de Cineclubes de Galicia non se fixera efectiva ata marzo do 1999 no número C-43. A partir deste momento integrouse na Federación de Cineclubes de Galicia.

O Cineclube Poleiro empezou coa mesma finalidade xeral ca propia asociación: servir como xerme de promoción cultural dentro da nosa comarca, o Baixo Miño, e propoñer puntos de encontro cultural dentro da nosa comunidade.

Durante sete anos, ata o ano 2005, as súas actividades leváronse a cabo no Cine Avenida da Guarda.

Coa súa actividade quixeron achegar ó cine de calidade a unha comarca que durante as últimas décadas foi comprobando como os cines foron desaparecendo dos seus concellos. A selección de películas que fixeron constituíu unha boa forma de dar a coñecer unha representación do cine máis actual, lonxe moitas veces dos circuitos comerciais.

O Cineclube Poleiro tivo que rematar a súa actividade cando o Cine Avenida pechou. Nestes intreos, con peche tamén dos cines de Tui, non queda cine ningún no Baixo Miño. O cine, entendido como unha actividade artística importante dos nosos días queda, deste xeito, unha vez máis alleo a unha comunidade só porque non constitúe un marco urbano grande ou está lonxe deste.

Dende o fin da actividade, no ano 2005, ata agora procuran buscar un lugar onde poder reiniciar unha nova programación. Isto foi imposible. Aínda que apareceron novos espazos públicos estes non estaban dotados cos medios necesarios para unha actividade cinematográfica adecuada.

Coa dotación do Auditorio do Multiusos de Goián con medios de proxección audiovisual teñen de novo a oportunidade de reiniciar, en marzo de 2009, a actividade do Cineclube Poleiro. Neste comezo son gratamente sorprendidos por unha alta asistencia dos socios, entre 80 e 120 dependendo do filme. Manteñen unha programación regular dunha película o primeiro xoves de cada mes, de xaneiro a xuño e de outubro a decembro.

Año 2017

Programación ordinaria.

12-01-2017- Yo, el y Raquel

02-02-2017- Corazón gigante

10-02-2017- Fuego en el mar

09-03-2017- Tarde para la ira

06-04-2017- Cemetery of splendour

04-05-2017- Mustang

05-10-2017- Sing street

02-11-2017- Elle

14-12-2017- Frantz

O Cineclube Ádega leva dende 1976 participando e dinamizando a vida cultural de Vilagarcía de Arousa. Ofreceu durante moitos anos múltiples e variadas actividades: proxección dun filme cada semana, concursos fotográficos, Semanas de Cinema...etc.

Dende marzo do 2015 a nova directiva retomou a actividade co fin de difundir a cultura cinematográfica en Vilagarcía e estimular o interese polo estudo e goce do cine acercándoo a sociedade dunha forma educativa e crítica.

Os obxectivos que se marcan os membros da nova xunta directiva son:

-Difundir a cultura cinematográfica e estimular o interese polo cine acercándoo a sociedade de forma educativa e crítica.

-Dotar a Vilagarcía dun canal de distribución estable e de calidade que converta a esta cidade nun lugar de referencia en Galicia, como o foi noutros tempos, con respecto a esta arte.

-Contribuír a unha mellora da cultura audiovisual galega convertendo o lugar de proxección nun punto de encontro, ademais de acercar ó público películas as que non terían acceso e ensinar o cine dun xeito educativo e crítico o público infantil e xuvenil da cidade.

Para tentar conseguir todos os seus fins as actividades propostas serían:

Sesións do Cineclub: Celebraranse no Salón García de Vilagarcía de Arousa, os mércores as 21 horas.

-As proxeccións están reservadas a socios do Cine Club exclusivamente e será imprescindible presentar o carnet de socio.

-As proxeccións realizaranse en versión orixinal subtitulada e todas as películas deben estar fora do circuíto comercial e deberán ter un valor crítico de cine.

-A selección dos filmes correrá a cargo da directiva que escollerá unha película actual e outra clásica podendo realizar ciclos (sobre a filmografía dun director, actor, país, etc.). Unha das películas escollese mediante unha votación entre los socios realizada polas redes sociais e web. Cabe a proxección de cine infantil en horario adaptado, cine de produción galega e sesións de curtametraxes.

Outras actividades que levan a cabo son:

- Semana de Cinema.
- Cinema na rúa no verán.
- Maratón de fotografía.
- Realización de obradoiros sobre o cinema.
- Seminarios de cinema con expertos e directores.

Están nas redes sociais e teñen unha páxina web na que se pode consultar a historia, actividades, programación e noticias do Cineclub; nela tamén se poderá descargar o formulario de inscrición.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais

- 18-01-2017- Carol*
- 25-01-2017- Quimérico inquilino*
- 08-02-2017- Corazón gigante*
- 22-02-2017- Plan diabólico*
- 22-03-2017- El puente*
- 05-04-2017- María y los demás*
- 03-05-2017- El ciudadano ilustre*
- 31-05-2017- Fail safe*
- 14-06-2017- Aaltra*
- 28-06-2017- Alicia en las ciudades*
- 13-09-2017- Tarde para la ira*
- 29-09-2017- El infierno del odio*
- 11-10-2017- Once*
- 18-10-2017- Una historia verdadera*
- 08-11-2017- Un verano en Brooklyn*
- 15-11-2017- El último bolchevique*
- 25-11-2017- Una chica vuelve a casa sola de noche*
- 13-12-2017- Verano 1993*

Semana de Cinema

31-07-2017- Paterson

01-08-2017- El viajante

02-08-2017- Psiconautas

03-08-2017- Elle

04-08-2017- El otro lado de la esperanza

O Cineclube Liceo de Noia, que arranca a súa actividade en xuño de 2014, comeza a nova tempada en abril de 2016 debido o arranxo do proxector e a cambios no equipo de coordinación. Seguen mantendo a pauta de dous filmes mensuais.

Ano 2017

Programación ordinaria. Ciclos mensuais.

03-01-2017- El niño y la bestia
15-01-2017- Rams, el valle de los carneros
29-01-2017- Lo que hacemos en las sombras
12-02-2017- "B"
12-03-2017- La perrera
26-03-2017- Canibal
09-04-2017- Dallas buyers club
30-04-2017- La juventud
28-05-2017- Phoenix
07-07-2017- El principito
19-07-2017- La tortuga roja
02-08-2017- El extraordinario viaje de T.S. Pivet
16-08-2017- El recuerdo de Marnie
09-11-2017- María y los demás
27-12-2017- Capitán calzoncillos

CINECLUBE A LANTERNA

O cineclube A Lanterna, xéstase en Viana do Bolo, nalgún momento do ano 2015 para nacer, case nove meses despois na mesma vila. Constitúese como asociación o 9 de Novembro de 2015, por 12 socias e socios, con moito que aprender sobre cinema.

E este é un dos seus principais obxectivos, aprender sobre cinema a medida que participan activamente na procura e selección de filmes, redacción de sinopses, presentación das proxeccións...

Os tres primeiros filmes proxectados, relacionados coa emigración, reflicten o interese do Cineclube por sensibilizar e xenerar debate de maneira crítica sobre problemas que afecten á nosa sociedade. Procuran camiños para ligar o cinema coa terra sobre a que viven, o Oriente ourensán: a ruralidade, a natureza, o sector primario, estilos de vida alternativos, a demografía, a identidade propia... teñen que ser temas presentes na programación.

Igualmente importante será a busca de colaboración con outras institucións localizadas na zona(Concellos, Comunidades de Montes, Asociacións culturais...).

As iniciais expectativas do cineclube en canto a súa capacidade de proxección víronse melloradas coas colaboracións da Federación de Cineclubes de Galicia (FECIGA), Institute Français, Institute Goethe e embaixada de Dinamarca. Estas colaboracións permitenlle ao cineclube unha regularidade na súa programación. Inicialmente, proxectarase un filme cada 15 días, aproximadamente, na Casa da Cultura, entre luns e venres. A sala, cedida polo Concello de Viana do Bolo, conta con mais de 150 butacas, pantalla, proxector e unha moderna instalación de son que permite que o Cinema regrese a Viana moitos anos despois.

O logo do cineclub, un lanternista ambulante con pandeireta, ten algo de todo o que queren significar: cinema, apego á terra, historia, cultura... Imaxinan a ese mesmo lanternista chegando a algunha das nosas aldeas a finais do XIX, con centos de kilómetros nos zapatos, para proxectar imaxes en movemento nun fondo en branco. E esa é súa aspiración, emulalo mais de cen anos despois.

No ano 2016 entra a formar parte da Federación de Cineclubes de Galicia.

Ano 2017

Programación regular. Ciclos mensuais

21-01-2017- *Alicia en las ciudades*
09-02-2017- *Les Chançons d´amour*
09-03-2017- *Tropa de Elite*
23-03-2017- *Cielo sobre Berlín*
06-04-2017- *Al otro lado*
20-04-2017- *21 nuits avec Pattie*
04-05-2017- *Estômago*
01-06-2017- *Rabat*
08-06-2017- *Bromas a parte*
15-06-2017- *Central do Brasil*
29-06-2017- *About a girl*
13-07-2017- *Le thé ou l'électricité*
27-07-2017- *La Pirogue*
07-09-2017- *Soul Kitchen*
21-09-2017- *O contador de historias*
05-10-2017- *Bárbara*
28-10-2017- *Rogue One*
18-11-2017- *Sing street*
17-12-2017- *Comanchería*
28-12-2017- *Vaiana*

Semana de Cine. Cine no Cu do Mundo

24-11-2017- *Into the wild*
25-11-2017- *La tortuga roja*
26-11-2017- *Rams, el valle de los carneros*

O Cineclube Dzine nace da man dun grupo de veciñas e veciños de Lalín que senten a necesidade colectiva de volver ter cine na vila. Anos antes, Lalín contara con ata 13 salas de cine, mais actualmente non existe ningunha sala comercial aberta ao público na comarca.

Buscando unha solución, comezan a pensar na idea dun cineclube. Visitan algúns cineclubes galegos (Ourense, O Carballiño) e convocase unha primeira xuntanza na vila a principios de ano 2014 á que asistiron 70 persoas na que se lanzaron moitas ideas e propostas para "recuperar o cine en Lalín".

Nunha segunda xuntanza, cun grupo máis reducido de persoas que se comprometeron a traballar activamente no futuro cineclube, acordáronse algunhas liñas de acción para comezar a conformar unha programación estable de proxeccións na vila: conformar legalmente a asociación, buscar un espazo para proxeccións, esbozar un listado de películas e documentais de interese de maneira colaborativa...

Acordan chamar DZINE ao primeiro cineclube de Lalín e as primeiras proxeccións teñen lugar no verán de 2014. Desde entón, visualizáronse máis de 30 filmes mais seguen a contar cun problema fundamental: non contan cun espazo fixo para as proxeccións. No momento de elaboración desta memoria, estase a avanzar nun acordo co Círculo de Recreo de Lalín (antigo Casino) ante a imposibilidade de firmar un convenio formal co Concello de Lalín.

No ano 2016 entra a formar parte da Federación de Cineclubes de Galicia.

Programación ano 2017

02-04-2017- El espejo

23-04-2017- Sacrificio

O Cineclube Bueu constituíuse o 13 de febreiro de 1999 da man dun grupo de obxectores de conciencia que estaban realizando a Prestación Social no Concello do Bueu. Colaboraban na proxección de películas en 16 mm ao aire libre, e con este estímulo decidiron darlle forma aos seus intereses cinematográficos pondo en marcha unha iniciativa a través da que dar saída aos títulos que non aparecían nas salas comerciais.

Con moi poucas interrupcións, o Cineclube Bueu vén facendo proxección dende entón, ao principio cada quincena e a partir do ano 2004 con periodicidade semanal. O obxectivo principal da asociación nesta etapa foi o de examinar a historia do cine para presentar ao público que o seguía o súa particular escolma da mitoloxía cinematográfica, tratando sempre de non reducilas ao “discurso oficial” do cine norteamericano, de xeito que tiveran cabida propostas cuxa indubidable calidade é proporcional a súa escasa transcendencia mediática.

A partir de outubro de 2015 estrean unha nova etapa onde a actualidade marca a pauta. Buscan o cine máis novo, as últimas propostas do chamado cine independente, alleo as canles de distribución masiva. As sesións desenvólense no auditorio do Centro Social do Mar (Concello de Bueu).

No ano 2016 entran a formar parte da **Federación de Cineclubes de Galicia**.

Ano 2017

Programación ordinaria.

04-01-2017- Contrafaces. Presentación e coloquio co director, Fon Cortizo, co actor Elías Portela, conducido pola poetisa Miriam Ferradáns.

07-01-2017- Taxi Teherán

21-01-2017- Irei a Darbo

04-02-2017- Langosta

17-02-2017- En todas as mans. Presentación e coloquio con Alberte Román.

24-02-2017- I ante aquel silencio mudo

11-03-2017- Carol

01-04-2017- El ciudadano ilustre

Cinema de Nadal

27-12-2017- *Cine para nenos. Título por determinar*

27-12-2017- *Una vez fuimos salvajes*. Presentación y coloquio con Carmen Bellas.

Programación extraordinaria. Colaboracións.

27-07-2017-Proxección do documental "*Paraíso roubado*", no Centro Social do Mar, dentro do XXI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Bueu organizado pola asociación Os Galos Bueu coa colaboración do Cineclube Bueu.

Presentación e coloquio co seu director.

CINECLUBE A ILLA DE AROUSA

O Cineclube Illa de Arousa naceu a finais do ano 2014 coa intención de incorporar o cinema á programación cultural regular do Auditorio Municipal da Illa de Arousa.

A súa sesión inaugural coincidiu coa trágica efeméride do accidente do Prestige e coa celebración do xuízo do caso 12 anos despois polo cal a primeira función do cineclube serviu para retratar esa efeméride a través de 3 traballos: “Muxía: política na Costa da Morte” de Ricardo Llovo e Andrés Mahía, “A cada porco lle chega o seu San Martiño” de Belén Montero e Juan Lesta, e “Carcamáns” de Marcos Nine.

Desde ese momento e ata hoxe, o Cineclube Illa de Arousa intenta achegar ós seus veciños ó cinema actual, facendo especial fincapé no cinema galego. Igualmente o Cineclube emprega o cinema para conmemorar celebracións especiais que van desde o día do Traballo ó Día contra a violencia de xénero.

Nas sesións intentan contar, sempre que é posible, con representantes dos filmes para poder manter un encontro co público ó finalizar a proxección.

No ano 2016 entra a formar parte da Federación de Cineclubes de Galicia.

Ano 2017

28-01-2017- Mi hija, mi hermana

08-03-2017- La fuente de las mujeres

31-03-2017- Ciclo Ficcione II. Composto polas curtametraxes: Illa Pedra, Curricán, Einstein-Rosen, Superpunky

29-04-2017- Alén do Cosmos

O número de espectadores total foi de 183, cunha asistencia media de 46 espectadores por sesión.

